galicia

DO AUDIBLE

CICLO DE CONCERTOS
A CARGO DE
VERTIXE SONORA ENSEMBLE

2016

MÚSICA EN DIÁLOGO
COA ARTE,
COA CIENCIA
E CO PENSAMENTO
CONTEMPORÁNEOS

Coma espellos dun calidoscopio

con María do Cebreiro (poeta) e Elena Rykova (compositora)
martes 7 xuño ás 20:30 h
Sala Emilia Pardo Bazán no Edificio de Ferro do campus de Ourense da UVigo (Ourense)
Colaboran: Vicerreitoría do campus de Ourense e Unidade de Igualdade da UVigo

Sete derradeiras comidas

con UMS'n JIP (agrupación convidada 2016)
mércores 22 de xuño ás 20:30 h
Espacio Sirvent (Vigo)
Colaboran: Pro Helvetia e Kulturrat des Kantons Wallis

Microteatro psicopático

con Carlos Álvarez-Ossorio (director teatral) e Óscar Carmona (compositor)
mércores 21 de setembro ás 20:30 h
Museo de Arte Contemporánea Gas Natural Fenosa (A Coruña)
Colabora: Gas Natural Fenosa

Turbulencias ou a idea de espazo

con Arturo Leyte (filósofo) e Luc Döbereiner (compositor)
martes 4 de outubro ás 20:30 h
Facultade de Belas Artes (Pontevedra)
Colaboran: Concello de Pontevedra, Vicerreitoría do campus de Pontevedra da UVigo, Berliner Senatskanzlei Kulturelle Angelegenheiten e Instituto Goethe

Máis información:
cultura.gal
vertixesonora.net

vertixe sonora ensemble

XUNTA DE GALICIA

Presentación

Do Audible é un ciclo de concertos promovido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, coa colaboración de Vertixe Sonora, que procura achegar puntos de encontro entre a música, a ciencia, a arte e o pensamento contemporáneos na conquista dunha percepción musical máis consciente.

Do Audible actualiza as rutinas de escoita coa aspiración de recuperar o concerto de música como experiencia privada de auténtica transformación. Unha conmoción reveladora que devolva a escoita ao seu lugar, como acontecemento capital do entendemento humano.

Cada concerto organízase arredor dun foco temático e interactúa coa palabra cómplice de relevantes personalidades do mundo da cultura, que achegan informacións e perspectivas de interpretación do feito musical que resulten enriquecedoras para os ouvintes.

Do Audible descobre a paisaxe sonora da literatura musical dos últimos decenios, rastrexa as interaccións ocultas entre diferentes disciplinas ao longo da historia e explica as claves da creación musical de todos os tempos. Aviva a nosa imaxinación, esperta a sensibilidade de públicos novos, procura acadar, na comuñón da emoción e da intelixencia, unha experiencia artística transcendente.

En 2016 o ciclo Do Audible quere seguir xogando cos límites entre xéneros e disciplinas, tamén con aquelas fronteiras entre artistas e público. O diálogo da música coa ciencia, a arte e o pensamento require da integración de todas os axentes implicados: compositores e compositoras, músicos, relatores e relatoras, público etc.

Xogar cos límites. Para abrir o ciclo, unha reflexión sobre o papel da muller na música e especialmente na creación contemporánea, cun programa protagonizado fundamentalmente polas obras de compositoras novas, en activo, que nos mostran, xunto á voz da poeta, tendencias e liñas de traballo. O segundo programa ronda o mundo da ópera, comuñón da música e a palabra, cunha visión que bota man de medios acústicos, electrónicos e dixitais. O teatro e os seus límites están presentes na terceira proposta, estrea absoluta no ciclo Do Audible, un espazo para un concepto singular de teatro musical. E o cuarto programa desenvolve dous discursos paralelos, filosofía e música, e, con diferentes obras para instrumentos de vento, aborda o concepto do espazo na composición.

Unha proposta para esta cuarta edición coa que a Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, e Vertixe Sonora procuran o achegamento do público xeral á música e ás expresións contemporáneas, con experiencias novidosas en distintos puntos de Galicia.

Do Audible 2016

Ciclo de concertos a cargo de Vertixe Sonora Ensemble

Música en diálogo coa arte, coa ciencia e co pensamento contemporáneos

Coma espellos dun caleidoscopio

martes 7 xuño ás 20.30 h. Sala Emilia Pardo Bazán no Edificio de Ferro do campus de Ourense da UVigo (Ourense)

con María do Cebreiro (poeta) e Elena Rykova (compositora)
Colaboran: Vicerreitoría do campus de Ourense e Unidade de Igualdade da UVigo

Sete derradeiras comidas

mércores 22 de xuño ás 20.30 h. Espacio Sirvent (Vigo)

con UMS'n JIP (Agrupación convidada 2016)
Colaboran: Pro Helvetia e Kulturrat des Kantons Wallis

Microteatro psicopático

mércores 21 de setembro ás 20:30 h. Museo de Arte Contemporáneo Gas Natural Fenosa (A Coruña)

con Carlos Álvarez-Ossorio (director teatral) e Óscar Carmona (compositor)
Colabora: Gas Natural Fenosa

Turbulencias ou a idea de espazo

martes 4 de outubro ás 20:30 h. Facultade de Belas Artes (Pontevedra)

con Arturo Leyte (filósofo) e Luc Döbereiner (compositor)
Colaboran: Concello de Pontevedra, Vicerreitoría do campus de Pontevedra da UVigo, Berliner Senatskanzlei Kulturelle Angelegenheiten e Instituto Goethe

máis información:
cultura.gal

Organiza: Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, coa colaboración de Vertixe Sonora.

Coma espellos dun caleidoscopio

martes 7 xuño ás 20.30 h. Sala Emilia Pardo Bazán no Edificio de Ferro do campus de Ourense da UVigo (Ourense)

con María do Cebreiro (poeta) e Elena Rykova (compositora)

Colaboran: Vicerreitoría do campus de Ourense e da Unidade de Igualdade da UVigo

PROGRAMA

ANNA ROMASHKOVA (RU). *Just shine a little* (2014) para violín só

ANN CLEARE (IR). *The square of yellow light that is your window* (2014) para saxo, piano, percusión e guitarra eléctrica

ELO MASING (EST). *Studies in resonance II* (2013) para piano só

TANIA LANFER (BR). *Lai de bisclolet* (2008) para saxo e percusión

DANIELA FANTECHI (IT). *Noch* (2016, versión revisada) para saxo, guitarra eléctrica, percusión e piano

De xeito análogo ao que acontece noutros ámbitos da creación, a presenza das mulleres na música, ou máis ben a súa visibilidade, é moi deficiente. Ademais, a primacía estruturalista nas relecturas históricas da música alude ás mulleres como figuras equiparables aos homes, sen considerar a súa imposibilidade real de consolidar unha produción artística continuada e unha carreira profesional que en épocas pasadas se antollaba inconcibible.

As carreiras truncadas por mor da presión social e familiar replícanse constantemente. Novas e prometedoras compositoras que, tras unha presenza esporádica no circuíto, rematan no eco da historia como devotas irmás ou esposas de, e circunscriben a súa influencia a un ámbito íntimo: Nannerl Mozart, Fanny Mendelssohn, Clara Schumann, Alma Mahler (este caso é especialmente flagrante), as irmás Boulanger... Deste xeito, é frecuente que na práctica os percorridos temporais salten desde o século XII, cunha personalidade ineludible como Hildegard von Bingen (que contaba co favor da inxenuidade das infraestruturas musicais da época), ao XX para atopar o nome dalgunha muller de marcada relevancia no ámbito da creación musical (Pauline Oliveros, Sofiya Gubaidúlina, Kaija Saariaho…).

No eido da interpretación vocal e instrumental, sen ser un percorrido carente de dificultades, é certo que a muller na actualidade ten una situación normalizada —unha transformación vertixinosa que xulga de estrambóticos e antediluvianos vetos como o que, por disonancias estilísticas xenuinamente machistas, padecera a clarinetista Sabine Meyer hai tan só 32 anos no seo dunha Filharmónica de Berlín formada exclusivamente por homes. Merece, en calquera caso, un pormenorizado estudo identificar que instrumentos son máis habituais nas mulleres e cales non, que e por que se priorizan determinadas estéticas ou metodoloxías de traballo etc (...)

Ignacio Barcia, marzo 2016

Sobre as compositoras e as obras

De esquerda a dereita, Ann Cleare, Anna Romashkova e Tania Lanfer

Tania Lanfer

Tania Lanfer é unha compositora e pianista de São Paulo (Brasil). Actualmente está a realizar o seu doutoramento en Composición Musical na UCSD - Universidade de California, San Diego, con Roger Reynolds. Para entender a peza incluída neste ciclo, debemos anotar que un *lai* é un tipo determinado de canción composta principalmente en Francia e Alemaña, entre o século XII e finais do XIV. *Bisclavret*, lobishome, é un conto reescrito pola escritora francesa Marie de France (século XII). Conta a historia dun home que, en certos períodos do mes, se transforma en lobo.

Ann Cleare

Ann Cleare é do condado de Offaly, en Irlanda. En 2005 graduouse na University College Cork, onde foi galardoada co Premio Memorial Mary V. Harte. Actualmente está a terminar un doutoramento en Composición na Universidade de Harvard, baixo a supervisión de Chaya Czernowin e Hans Tutschku. A súa música foi interpretada en varios lugares de Europa, Australia e América, e presentada en moitos festivais. Ann Cleare está representada polo Centro de Música Contemporánea de Irlanda e as súas pezas son publicadas polo Proxecto Schott Nova York. Actualmente vive e escribe á beira do mar en Dublín (Irlanda). *The square of yellow light that is your window* é unha peza que ten que ver cos ollos, segundo explica a compositora: o trío de piano, percusión e guitarra eléctrica forma unha biosfera autónoma, cega e impermeable e, no extremo contrario, o saxofón é unha retina xigante con miles de células sensibles á luz.

Anna Romashkova

Anna Romashkova naceu en 1985 en Khimki, rexión de Moscova (Rusia). Estudou Composición e Teoría Musical no Conservatorio Estatal de Moscova P. I. Tchaikovsky. As súas composicións presentáronse en numerosos festivais internacionais de música, incluíndo a Bienal de Venecia, Darmstadt Festival, Foro de Moscova, Moscova Outono; e Outro Espazo (Rusia). *Just shine a little* (Só brilla un pouco) é un estudo do tempo como estrutura dun proceso físico e mental e como condición da posibilidade do cambio. Tamén o é sobre o amor, a enerxía, a gratitude e o autoperfeccionamento.

Á esquerda, Daniel Fantechi e á dereita, Elo Masing

Daniela Fantechi

Graduouse con mención de honra no Mestrado de Musicoloxía na Universidade de Florencia en 2009. Estudou composición musical no Conservatorio Luigi Cherubini en Florencia desde 2006. Desde 2012 está a colaborar con Tempo Reale en varios proxectos. Desde 2010 forma parte dun colectivo de músicos de diferentes orixes centrado na improvisación radical e na realización de partituras gráficas para compositores contemporáneos. *Noch* é unha peza para cuarteto construída sobre un curto e lixeiro diálogo entre fragmentos de asonancias e xestos baleiros de son.

Elo Masing

Compositora estona instalada actualmente en Londres (Reino Unido). A maioría da súa música recente explora a fisicalidade instrumental na música de cámara e céntrase nas relacións coa coreografía. As súas pezas foron internacionalmente interpretadas polo Mmm... Ensemble en Tokyo (O Xapón) e polo Platypus Ensemble no Wiener Konzerthaus (Austria). Xa en 2012 foi seleccionada polo LSO Soundhub Schem e no mesmo ano gaña o Premio de Composición Alan Bush pola súa peza *Studies in resonance* para dous pianos, encargados polo DuoDorT e presentados no álbum *Quantulum* en outono de 2012 co financiamento do Arts Council de Inglaterra. *Estudos de resonancia II*, para piano só, continúa as súas exploracións persoais nas posibilidades do instrumento.

Sobre a poeta

María do Cebreiro naceu en Santiago de Compostela o día 5 de xullo de 1976. É doutora en Teoría da Literatura e profesora na Universidade de Santiago de Compostela. Publicou os libros de poemas *O estadio do espello* (1998), *(Nós, as inadaptadas)* (2001), *Non queres que o poema te coñeza (*2004), *O barrio das chinesas* (2005) e *Os hemisferios* (2006). Traduciu e escolmou cancións de mulleres afroamericanas en *Damasnegras* (2002) e adaptou ao galego a obra *Tres vidas*, de Gertrude Stein (2006). É autora dos ensaios *As antoloxías de poesía en Galicia e Cataluña* (2004) e *As terceiras mulleres* (2005).

Sete derradeiras comidas

mércores 22 de xuño ás 20:30 h. Espacio Sirvent (Vigo)
con UMS'n JIP. Agrupación convidada 2016
Colaboran: Pro Helvetia e Kulturrat des Kantons Wallis

PROGRAMA

JIP (1980, CH) *123.08-epilog* (2008)
Textos de periódicos (*20 minutos)*
UMS (CH, 1971) *InD* (2011)
Poema de Joseph Freiherr v. Eichendorff
MATHIAS STEINAUER (CH) *7 letzte Mahlzeiten*, 2012-14(Sete derradeiras comidas)
Texto de Herbert Rosendorfer. Gravación 11 do Verdugo Real de Baviera Bartholomäus Ratzenhammer Op. 28, 2013 para tenor, frauta de pico, cinta magnética, teclado Bluetooth, dous pés de frautas de pico, proxector de súper 8, vídeo en vivo, luz e roupa lixeira

LUIS CODERA PUZO *oscillation ou interstice*, 2013
Texto *La porteuse de lance*, da poeta francesa Irène Gayraud

A canción popular urbana, o canto litúrxico medieval, a canción trobadoresca, o lied romántico, a aria operística, a monodia gregoriana... comparten, no contraste de épocas e estilos, dúas confianzas plenas: na comuñón de música e palabra como recurso expresivo ilimitado para revelar o sentido último e esclarecedor do signo lingüístico, e na elocuencia da música para conxugar o indicible.

Se o xogo poético goza por si mesmo de prominentes desinencias musicais, combinado e potenciado nun sostido contrapunto instrumental eleva exponencialmente as súas potencialidades para se trocar nunha das formas esenciais do discurso musical ao longo dos tempos. E este modelo representa, tanto na súa variedade e amplitude como na súa orientación, un trazo vigoroso para tantas e tan variadas sensibilidades (...)

UMS'n JIP enraízan a renovación do repertorio da canción a partir de catro premisas: a expansión sonora instrumental ilimitada por medios acústicos, electrónicos e dixitais; unha posta en escena convenientemente teatralizada; a proximidade e constante colaboración cos compositores do noso tempo (son tamén compositores); e a internacionalización e visibilización máxima do repertorio que promoven, que os leva a acadar cifras de concertos máis propias dun grupo de música rock ca dos sofisticados contextos contemporáneos nos que desenvolven o seu labor.

Marieta Lourido, abril 2016

Sobre as obras e os compositores

Javier Hagen e Ulrike Mayer-Spohn

Ulrike Mayer-Spohn (UMS)
Unha extraordinaria diversidade preside o traballo da compositora e multiinstrumentista Ulrike Mayer-Spohn, que toca a frauta de pico (con especial atención á música contemporánea) e instrumentos de corda (violín histórico e violín barroco).

Javier Hagen (JIP)
Compositor e cantante nado en Barcelona en 1971, domina as seis linguas que se falan entre Wallis (Suíza) e o Mediterráneo. Como cantante, tenor e contratenor, Javier Hagen é un dos máis sorprendentes artistas da súa xeración. Cun rango vocal excepcional de catro oitavas, leva estreadas máis de 200 obras nos festivais de música contemporánea máis prestixiosos de Europa e colabora cos compositores máis distinguidos.

Luis Codera Puzo
A composición, para Luís Codera Puzo (Barcelona, 1981) baséase na convicción de que todos os elementos dentro da arte deben estar vinculados, o que o leva a considerar a música como movemento e relación temporal entre elementos e non como unha suma de entidades estáticas illadas. Na súa visión estética, o enriquecemento da música reside no desenvolvemento do sistema de relacións, oposto ao concepto de complexidade baseada na hipertrofia dos elementos individuais. Esta idea desenvolveuse nos seus últimos traballos e concretouse na procura dun discurso musical poliédrico.

Mathias Steinauer
Nace en Basel en 1959 e estuda Piano, Composición (Robert Suter/Roland Moser) e Teoría musical (Wolfgang Neininger) no Conservatorio de Música de Basel. De 1986 ata 1988 estudou Composición con György Kurtág en Budapest. Desde 1986 aprende Teoría musical e dá cursos de Nova música e Composición na Universidade de Artes de Zúric. En 2004 foi director artístico do ISCM New World Music Days "trans_it". Impartiu conferencias e foi interpretado en varias escolas de música, simposios e festivais en moitos países europeos, ademais de en Azerbaidján, A China, O Brasil, Os Estados Unidos e O Xapón. Actualmente, Mathias Steinauer vive en Ticino.

Sobre UMS’n JIP

Fundado por Ulrike Mayer-Spohn [UMS] e Javier Hagen [JIP], UMS'n JIP é un dos conxuntos de música contemporánea máis activos e experimentados da escena internacional, o que os leva a participar en máis de cen eventos anuais, que inclúen óperas de cámara móbiles e actuacións multimedia. No seu currículo, máis de 700 concertos e 150 obras encargadas desde 2007.

UMS'n JIP explora novas configuracións musicais e escénicas para voz, frauta de pico e electrónica, que van desde interpretacións ao vivo ás dixitais, de música europea e non europea. A investigación sonora, os ensaios e as gravacións en común cos compositores e ao longo de varios anos, así como o número excepcionalmente elevado de concertos por todo o mundo, garanten que as obras encargadas por UMS'n JIP sexan as composicións máis frecuentemente interpretadas destes compositores. Aínda que UMS'n JIP mantén un ritmo de traballo moi alto, o seu obxectivo non é estrear canto sexa posible, senón interpretar novas obras con tanta frecuencia como se poida, coa idea de que as obras medran en cada nova interpretación.

Desde os seus estudos (Composición, Deseño de Audio e Interpretación Musical) nos Países Baixos, Alemaña, Italia e Suíza, UMS e JIP foron convidados a prestixiosos festivais de música e teatro contemporáneos (Aviñón, París, Marsella, Zúric, Laussana, Lucerna, Basilea, Berna, Shanghaia, Beijing, Hong Kong, Ulanbatar, Seúl, Tokyo, Buenos Aires, Adelaida, Nova York, Donaueschingen, Stuttgart, Karlsruhe, Berlín, Moscova, San Petersburgo, Riga, Barcelona, Valencia, Sevilla, Atenas, Tesalónica, Istambul ou O Cairo), onde estrearon máis de 200 obras como solistas e como dúo, colaborando con compositores de fama mundial e tamén con novos compositores como Heiner Goebbels, Wolfgang Rihm, Mauricio Kagel, Aribert Reimann, Peter Eötvös, Luís Codera Puzo, Erik Ona, Vladimir Gorlinsky, Chikashi Miyama, Huang Ruo, Wen Deqing e Guo Wenjing.

UMS'n JIP tamén leva a dirección do festival de música contemporánea de Suíza Forum Wallis, presidido pola Sociedade Internacional de Música Contemporánea Wallis/Suíza IGNM-VS. JIP é o actual presidente da ISCM Suíza, así como membro da xunta da Conferencia Europea de Promotores de Música Nova ECPNM, Swissfestivals, e da Comisión da UNESCO para o inventariado do patrimonio cultural inmaterial no Cantón de Valais. Dentro destas estruturas, UMS'n JIP iniciou máis de 200 proxectos e comisións adicionais. Desde 2013 UMS'n JIP participou en dous proxectos de investigación internacionais: The Recorder Map e i-Tresaures. O dúo é asesorado por Irvine Arditti, líder do mundialmente coñecido Arditti Quartet, con sede en Londres.

Microteatro psicopático (Estrea mundial)

mércores 21 de setembro ás 20:30 h. Museo de Arte Contemporánea Gas Natural Fenosa

con Carlos Álvarez-Ossorio (director teatral) e Óscar Carmona (compositor)

Unha achega á obra de Javier Tomeo para nove músicos

Teatro psicopático indaga formas complexas de comunicación e interacción entre sons, a imaxe e o xesto. É unha mestura de realidade e ficción nun proceso continuo de hibridación monstruosa que se achega ás derradeiras investigacións sobre a comunicación e a linguaxe. Os actores-músicos e os músicos-actores desenvolven unha experiencia teatral e musical estendida que traduce en música as palabras, as voces, os ruídos, a xestualidade, a linguaxe, o espazo escénico, os vídeos, a luz... e eliminan fronteiras entre acción musical e teatral para izar un idioma universal que, desbotadas as prerrogativas do sentido, non precisa do texto para propender cara a emocións agachadas.

Miguel Sancho, marzo 2016

Sobre a obra

Moitos anos atrás, mentres paseaba fronte a unha pequena libraría do centro da miña cidade, un libriño silencioso chamou a miña atención. Tratábase das *Historias mínimas* de Javier Tomeo, unha colección de contos breves, de microhistorias, imaxes, momentos, poemas, sensacións, nostalxias, fotografías literarias, sorrisos, portas que se abren ou, como o chamaría o mesmo Tomeo, un microteatro psicopático. Ese pequeno libro acompañoume á casa e, aínda que pareza total e absolutamente clixé, cambioume completamente, non só no aspecto literario (naqueles días ocupaba moito do meu tempo en escribir literatura), senón tamén no musical, o poético, o estético.

(...) En fin. Desde unha banda sonora ata un teatro musical, unha colección de imaxes, de teatro sonoro, de contos breves ou microhistorias, de reflexións musicais, de espazos virtuais perdidos que se recrean nunha instancia musical lúdica ou simplemente nunha mestura sen apelidos, unha combinatoria entre a literatura de Tomeo e a miña música, e tamén entre a miña literatura e a súa musicalidade, entre os espazos virtuais compartidos, o non escrito, o imaxinado…

Óscar Carmona, xaneiro 2016

O director teatral Carlos Álvarez-Ossorio

Sobre o compositor

Músico, compositor, pianista, improvisador, escritor e artista interdisciplinario. A tarefa actual de Óscar Carmona está orientada principalmente á improvisación, á creación musical e á experimentación coas posibilidades expresivas que ofrecen as novas tecnoloxías. Como compositor, creou música para diversos instrumentos e formacións instrumentais, desde o piano ata a orquestra sinfónica, e tamén para medios electrónicos e multimedia.

Os seus intereses levárono a tomar distancia das categorías disciplinares habituais e a instalarse en espazos intermedios nos que poder desenvolver, a través de novas linguaxes, experiencias estéticas que lle permitan ao espectador unha participación activa, identificándose coa obra e mesmo modificándoa. Actualmente forma parte de RubikEnsamble, un ensemble dedicado ás músicas actuais onde participa como compositor, pianista e artista visual; do Granat Ensamble, un ensemble dedicado a reformular o repertorio clásico a través da incorporación de medios electrónicos e visuais; de Cattus Colectivo, agrupación interdisciplinar onde participa como creador, performer, músico e artista multimedia; e da Compañía de Papel, compañía de danza dirixida por Andrés Cárdenas onde desenvolve tarefas como músico e compositor.

Sobre o director teatral

Carlos Álvarez-Ossorio é un director, actor e autor teatral e audiovisual nacido en Sevilla en 1973. Licenciado en Comunicación Audiovisual pola Facultade de Ciencias da Información da Universidade de Sevilla, estudou tamén na Escola de Dirección Escénica do Instituto Andaluz do Teatro e formou parte do Centro de Investigación Teatral Territorio Nuevos Tiempos (TNT) de Sevilla. Traballou, entre outros, con mestres do Odin Teatret, do Berliner Ensemble, da Escola Biomecánica Rusa, da London Academy of Performing Arts e do Toneelgroep Amsterdam.

En 1996 funda a compañía Cámara Negra, da que é director, e coa que montou textos de Shakespeare, Chejov, O'Neill, Müller, Ibsen, Dostoievski, Visniec ou Koltés, cos que obtén diversos premios, como o Premio José Luís Alonso da ADE 2006 para directores mozos, o Premio MAX 2007 ao Mellor Autor en Galego, o Premio Pano Chivas 2004 ao Mellor Autor Veterano e o Premio ao Mellor Actor na IX Mostra de Teatro de Barcelona 2004.

Ademais de coa súa compañía, traballou como director, entre outros, co Centro Andaluz de Teatro, coa Convención Teatral Europea e co Festival Internacional de Teatro Clásico de Mérida, ademais de con diversos grupos alternativos, e obtivo o Premio Jara do Teatro Profesional Estremeño 2009 ao Mellor Director. As súas montaxes viaxaron por toda España, por Francia, Cuba, Grecia, Alemaña e Malta.

Turbulencias ou a idea de espazo

martes 4 de outubro ás 20:30 h. Facultade de Belas Artes (Pontevedra)

con Arturo Leyte (filósofo) e Luc Döbereiner (compositor)

Colaboran: Concello de Pontevedra, Vicerreitoría do campus de Pontevedra da UVigo, Berliner Senatszkanzlei Kulturelle Angelegenheiten Instituto Goethe

PROGRAMA

EDGAR VARÈSE – *Octandre* (1923) 8' para frauta, óboe, clarinete, trompa, fagot, trompeta, trombón, contrabaixo

GERARD ECKERT – *Traits - lointain* (2006-08) para frauta, óboe, clarinete, trompa, fagot, trompeta, trombón, contrabaixo

RICHARD BARRETT – *Aurora* (2010) 10' para fliscorno cuarto de ton, trombón alto

LUC DÖBEREINER – *Turbulencia* (2016) 15´ *(*estrea mundial) para frauta, clarinete, óboe, fagot, saxofón, trompeta, trompa, trombón e electrónica en vivo

Propoñémonos entender e experimentar a idea de espazo a través de dous itinerarios: o filosófico e o musical. Dous discursos en paralelo intercalados ao longo dun espectáculo cunha duración total aproximada de 100 minutos. Desde a perspectiva filosófica abordaremos catro concepcións do espazo da man do pensador Arturo Leyte. O programa musical, que expón unha especie de diálogo coa obra mestra de Edgar Varèse *Octandre*, e que escoitaremos a modo de preámbulo, foi comisariado para a ocasión polo compositor alemán Luc Doberëiner, que tamén presentará a estrea mundial da súa nova obra *Turbulencias* para oito instrumentos e electrónica.

O concerto inclúe diferentes obras para instrumentos de vento que tratan o concepto do espazo na composición. Un espazo que actúa como mediador entre o pensamento estrutural, a calidade física do son e a súa produción e xa non depende do movemento do son nun espazo acústico determinado.

Os propios instrumentos musicais serán concibidos como espazos; espazos de resonancia acústica ou espazos simbólicos estruturados por dixitacións, posicións e distancias. As obras de Barrett e McCormack utilizan o espazo instrumental como fonte para a creación de xestos musicais, explotando simultaneamente a abstracción da forma e o concreto do material. A obra *Octandre* de Edgard Varèse expón unha idea de espazo en conexión cun novo concepto da forma, que se comprende como un proceso material máis alá da forma arquitectónica. Aquí o pensamento compositivo ten lugar nun espazo que é tanto virtual como material.

Luc Döbereiner, marzo 2016

Sobre as obras e compositores



Edgar Varèse e Richard Barrett

Edgar Varèse. París, 1883-Nova York, 1965. Un dos compositores máis influentes do século XX, famoso polo seu concepto da música como conxunto de entidades móbiles de son non dependentes da melodía ou da harmonía, senón do timbre (cor), da masa e da relación espacial. Foi un dos pioneiros do desenvolvemento da música electrónica. Contemporáneo estrito do *Octeto* de Stravinsky, *Octandre* foi escrita para sete instrumentos de vento e un contrabaixo. É con *Density 21.5* o único traballo de Varèse que non emprega percusión.

Richard Barrett. Swansea, 1959. Compositor e improvisador activo no ámbito internacional. “Coma moitas das outras partes do meu proxecto de gran formato CONSTRUCIÓN, *Aurora* fai referencia por medio do título e da estrutura a unha visión "utópica" que, neste caso, deriva dos escritos do místico alemán Jakob Böhme e, en particular, do seu concepto de evolución cosmolóxica, que pasa, a través dun estado diferenciado e conflitivo, da "inocencia" a un estado máis elevado de unidade”, sinala.

Gerald Eckert. Nuremberg, 1960. Estuda Violoncello e Dirección. Posteriormente cursará Matemáticas en Erlangen e, de 1989 a 1995, Composición, primeiro con Wilfried Jentzsch e Walter Zimmermann, despois con Nicolaus A. Huber, e Composición Electroacústica con Dirk Reith na Folkwang-Hochschule de Essen. Gerald Eckert é cofundador dos festivais Chiffren (Kiel, 2006) e ProvinzLärm (Eckernfoerde 2007, 2009, 2011, 2013 e 2015).

Luc Döbereiner. Berlín, 1984. Compositor e investigador berlinés. A obra *Turbulencia* investiga esta equívoca espacialidade dos instrumentos acústicos e ten o obxectivo de desenvolver novos modos de describir o son construíndo un “hiperinstrumento” consistente nunha rede electroacústica de instrumentos.

Sobre o relator

Arturo Leyte é catedrático de Filosofía na Universidade de Vigo. O seu traballo e publicacións centráronse na hermenéutica, o idealismo alemán, a filosofía grega e a estética. Editor e tradutor de Schelling, Hölderlin e Heidegger, é autor dos seguintes libros: *Las épocas de Schelling* (Akal,1998), *Heidegger* (Alianza, 2005) e *El arte, el terror y la muerte* (Abada, 2006).

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Desde a súa aparición en 2010, Vertixe Sonora Ensemble converteuse nun auténtico revulsivo da sociedade galega. A súa permanente estrea de obras novas permite que Galicia participe da creación sonora internacional cun protagonismo activo e desafiante. Un referente insubstituíble para a última xeración internacional de compositores que atopa nas súas producións a oportunidade de desenvolver propostas musicais cunha perspectiva global en permanente estado de convulsión, na procura da excelencia artística.

Integrada por destacados solistas de música contemporánea de Galicia e de Portugal, Vertixe Sonora Ensemble conxuga artistas sonoros, artistas plásticos, músicos de jazz, intérpretes clásicos e xente do teatro e da danza. A partir dunha consciencia da multiplicidade no achegamento ao sonoro, establece un constante diálogo e interacción co pensamento, coa ciencia, coa tecnoloxía e con outras formas artísticas desde unha óptica cosmopolita, integradora e transcultural, para favorecer un espazo aberto á reflexión, á discusión e ao intercambio no campo da música contemporánea, que non renuncia nin ao rigor, nin á transgresión, nin ao espírito de vangarda. Tamén integra o Instituto Galego de Sonoloxía, unha plataforma para investigar a experimentación sonora con novos medios.

Vertixe Sonora desenvolve unha programación diversificada e procura dinamizar o ecosistema cultural, o intercambio e a cohesión do territorio. O ciclo Música e Arte: Correspondencias Sonoras (CGAC) e sonUTopías (campUSCulturae, da Universidade de Santiago de Compostela), o Festival Internacional de Creación Musical Contemporánea Vertixe Sonora en Vigo ou o ciclo MIHLsons na cidade de Lugo son algunhas das achegas que están a renovar os públicos de música clásica en Galicia.

O compromiso por divulgar a música do noso tempo e ampliar o seu público lévaos a organizar os cursos de divulgación musical Aguzar o Oído (MARCO, Vigo), os Encontros Internacionais de Música Contemporánea, Causal, obradoiros de composición e charlas abertas.

O seu labor foi recollido no documental *Correspondencias sonoras* (2013), do cineasta Manuel del Río.

vertixesonora.net

galicia

Información aos medios:
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
prensa.cultura.educacion@xunta.es
Telf. 981 957 350 / 981 544 490

vertixe sonora ensemble

XUNTA DE GALICIA